



INFORME URBANISTICO EN RELACIÓN CO ELEMENTO B-84 DO CATÁLOGO DO PLAN XERAL E O PLANO DE ORDENACIÓN APROBADO.

EXPEDIENTE Nº SI-2022-0154-SOL

COMUNICACIÓN DO SERVIZO DE INVENTARIO da Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Servizo de inventario.

Datos rexistro entrada: nº 2022004752 do 17.03.2022.

O escrito presentado manifesta a existencia dun erro no plano de ordenación nº2 do plan Xeral, folia 8.D por canto sinálase como ben catalogado B-84 a edificación existente sobre a parcela nº 21 da rúa Cividanes (referencia catastral 3835411NJ5033N) cando de acordo coa ficha do catálogo na que figura a descrición e fotografía do inmovible, debera ser o nº 23 de dita rúa (referencia catastral 3835410NJ5033N).

Comunícase que dito erro foi detectado polo Servizo de Inventario e que xa foi corrixido na nova versión do Plan Básico Autonómico de data 21.12.2021.

Comunícase ó efecto de que se aplique de forma axeitada o réxime de protección e que no momento que proceda se corrixa a documentación recollida no Plan Xeral.

Ao respecto emítase o seguinte **INFORME:**

O erro citado xa foi detectado en setembro de 2011 polo departamento de urbanismo do concello con motivo da emisión dun informe urbanístico solicitado por un particular.

En dito informe concluíuse que existindo dito erro debe interpretarse que a edificación catalogada correspóndese co nº 23 da rúa Cividanes, con referencia catastral 3835410NJ5033N. Este criterio de interpretación debe aplicarse á hora de aplicala ordenanza e as condicións de protección para elementos con protección sobre a edificación do nº 23 e non do nº 21. De feito na aplicación informativa do GIS de Planeamento municipal dito erro está corrixido dende entón .

Inclúese a continuación o informe emitido en setembro de 2011:

“O Plan Xeral Municipal de Ordenación foi aprobado definitivamente por Orde de 11.03.09 da C.P.T.O.P.T., BOP Nº 75 de 02.04.2009, DOG Nº 81 de 28.04.2009.

Neste documento catalogouse como elemento B-84 incluíndoa no catálogo unha vivenda unifamiliar na rúa Cividanes.

A ficha do catálogo, que se anexa a este informe inclúe a seguinte descrición da edificación “Casa en Cividanes I”:

“Balcón voado e longo ó que abren tres portas.

Alintelado e con molduras planas con remate decorado.

Antepeitos con motivos vexetais calados.

Cornixa voada que coroa o testeiro achatando a proporción.”

Inclúe igualmente a seguinte foto da fachada que se corresponde ademais coa descrición:





Esta edificación esta situada na parcela nº 23 da Rúa Cividanes con referencia catastral 3835410NJ5033N.

Sen embargo no plano de ordenación 2, folia 8.D por erro, herdado xa do Plan Xeral anterior, sinalouse a referencia ao elemento de catálogo B-84 sobre a parcela colindante nº 21 da Rúa Cividanes con referencia catastral 3835411NJ5033N.

Trátase dun erro material na localización do símbolo sobre o plano 2, folia 8.D xa que é clara e unívoca a vontade de catalogar a edificación descrita e fotografiada na ficha do catálogo e non a sinalada no plano 2.8.D.

Para maior claridade inclúese a continuación a fotografía da fachada do nº 21, non catalogada coa do nº 23 si catalogada ao fondo.



CONCLUSIÓN:

A xuízo deste técnico debe interpretarse polo exposto, que a edificación catalogada correspóndese co nº 23 da rúa Cividanes, con referencia catastral 3835410NJ5033N. Este criterio de interpretación debe a aplicarse á hora de aplicala ordenanza e as condicións de protección para elementos con protección sobre a edificación do nº 23 e non do nº 21.

Oleiros, 27 de setembro de 2011.

O ARQUITECTO MUNICIPAL.

Asdo.: Alfredo Olañeta Rebolleda.”

CONCLUSIÓN:

Dáse por advertido o erro o que se terá en conta tanto para a correcta aplicacións das medidas de protección sobre el ben catalogado como para modificar o Catálogo do Plan Xeral no momento que se aborde unha modificación ou revisión deste documento.

No obstante tense incluído na WEB municipal unha advertencia sobre o erro detectado.

O Arquitecto municipal,

Asdo.: Alfredo Olañeta Rebolleda.



CONCELLO DE OLEIROS


REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS

B.- ARQUITECTURA CIVIL

B/34

NOME	CASA EN CIVIDANES I
LOCALIZACIÓN	SERANTES
TIPOLOXÍA	ELEMENTO DE INTERESE HISTÓRICO- ARTÍSTICO, ARQUITECTÓNICO OU AMBIENTAL
TITULARIDADE	PRIVADA
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO
GRAO DE PROTECCIÓN	NON INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO URBANO. ORDENANZA 2A



BALCÓN VOADO E LONGO Ó QUE ABREN TRES PORTAS.
ALINTELADO E CON MOLDURAS PLANAS CON REMATE DECORADO.
ANTEPEITOS CON MOTIVOS VEXETAIS CALADOS.
CORNIXA VOADA QUE COROA O TESTEIRO ACHATANDO A PROPORCIÓN.